

da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, (actualmente á aplicación orzamentaria 45.05.423A.481.0 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos).

Non obstante, tamén establece que o importe destas axudas poderá incrementarse se, antes da publicación da resolución de concesión no *Diario Oficial de Galicia*, se recibise outra transferencia do Ministerio de Educación para esta mesma finalidade.

Recibida a mencionada transferencia do Ministerio de Educación, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.-Incrementar a contía das axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de pais de alumnos e ás asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial ata noventa e oito mil dous centos vinte e un euros con corenta e dous céntimos (98.221,42 €), de acordo co establecido na disposición terceira da Orde do 3 de abril do 2009 (DOG do 16 de abril).

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 14 de setembro de 2009 pola que se fai pública a cuarta ampliación de créditos asignados ao Plan Remóvete para a substitución de vehículos en Galicia.

O Consello de Dirección do Igape na súa xuntanza que tivo lugar o día 2 de xuño de 2009 acordou por unanimidade dos membros asistentes a aprobación das bases reguladoras das axudas do Igape ás pemes, autónomos e particulares para a renovación de automóbiles con achatarramento de automóbiles antigos (Plan Remóvete Galicia).

Mediante Resolución do 30 de xuño de 2009 procedeuse á publicación de ditas bases así como á publicación dos créditos asignados (DOG nº 130, do 6 de xullo).

Na xuntanza do Consello de Dirección do Igape que tivo lugar o 28 de xullo de 2009 acordouse a habilitación ao director xeral do Igape para proceder mediante resolución, a ampliar os fondos do dito programa en función do crédito dispoñible, se se considerase conveniente.

Visto o número de solicitudes e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Ampliar por cuarta vez o crédito dispoñible en 2.000.000 euros adicionais, con cargo á partida orzamentaria 02.02 E4/10/04-656 do ano 2009.

Segundo.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2009.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 11 de setembro de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Secretaría Xeral da Emigración.

De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º da mesma lei, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, sita nos edificios administrativos de San Caetano, número 1, Santiago de Compostela, nas súas delegacións provinciais, ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince (15) días contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe como anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán unir á súa solicitude un *curriculum vitae* e xustificar documentalmente os méritos que aleguen.

Os méritos alegados e non probados da maneira sinalada no parágrafo anterior non se terán en conta.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se relaciona no anexo I desta orde un/unha funcionario/a con destino noutras administracións, requirirase o informe